

As danzas tradicionais en Cangas do Morrazo



DANZAS TRADICIONAIS DE CANGAS

PROXECTO INTERDISCIPLINAR

1º ESO

IES MONTE CARRASCO

<http://prin13-14.blogspot.com.es/>

Concurso de Traballo por Proxectos 2014

Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

12 de marzo de 2014

- I. INTRODUCCIÓN**
- II. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN**
- III. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**
- IV. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO**
- V. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS**
- VI. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO**
- VII. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**
- VIII. AVALIACIÓN**
- IX. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

I. INTRODUCCIÓN

a) Xustificación

Este proxecto enmárcase no Proxecto Interdisciplinar de 1º de ESO, que no noso Proxecto Educativo, está dentro do Proxecto Lector de Centro e como tal é coordinado dende a Biblioteca Escolar.

Participaron os dous grupos de 1º de ESO do centro, coordinados polos seus respectivos titores e por un membro do Equipo de Biblioteca Escolar. Este último, tiña o seu horario de Biblioteca Escolar coincidente coa hora que, respectivamente, tiña asignado cada grupo de 1º para a coordinación do Proxecto Interdisciplinar (en adiante, PI).

Ademais, contouse coa implicación doutros profesores que imparten docencia no grupo. Así, o profesorado participante ao longo de todo o curso foi o seguinte:

Función	Nome e apelidos
Membro do equipo da BE	Begoña Otero Riobó
Titora de 1º ESO A	Ana Soliño
Titor de 1º ESO B	Pedro Vicente Vila
Profesora de EpeV (en ambos grupos)	Seila Acuña Ferradanes
Profesora de Lingua Galega en 1º ESO A	Beatriz Martínez Cordeiro
Profesora de Lingua Galega en 1º ESO B	Lourdes Camaño Rial
Profesor de Ciencias Sociais en ambos grupos	Xaquín Pastoriza Cerviño
Profesor de PT e coordinador TIC	J. Ramón Vidal Calvelo

b) Contidos e competencias traballadas

Tal e como se recolle no Proxecto Lector, as **competencias básicas** que se pretenden traballar dende o PI son:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencia para aprender a aprender
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal
- Competencia social e cidadá

Ademais, os **objectivos** que se pretendían acadar son:

- 1.- Aprender a cooperar no traballo en equipo, sendo capaz de expresar opinións propias, escoitando as dos demais e chegando a acordos.
- 2.- Aprender a planificar e organizar un traballo en equipo para desenvolver un tema dado.
- 3.- Aprender a buscar, seleccionar e organizar información utilizando diversas fontes e soportes, utilizando a biblioteca como recurso básico
- 4.- Aprender a combinar as novas tecnoloxías cos soportes tradicionais, valorando en cada caso os pros e contras á hora da utilización de cada unha.
- 5.- Fomentar a creatividade, a iniciativa e a autonomía persoal, tanto na busca de información, como na planificación, desenvolvemento e presentación do traballo proposto.

Os **contidos** traballados foron:

- Busca, selección e edición da información
- A utilización da BE como recurso do centro
- O traballo en equipos cooperativos

Ademais dos contidos propios das materias que interviñeron no PI.

II. OBXECTO OU TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

Tal e como se recolle no Proxecto Lector, na primeira Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada no curso 2013-14, propúxose a temática a desenvolver ao longo de todo o curso no PI. Previamente, os titores de 1º e a profesora do equipo da BE, encargada de colaborar no desenvolvemento do PI, barallaran varias temáticas e chegaran ao acordo de propoñer á CCP a

seguinte: “As danzas tradicionais de Cangas”, xa que o noso municipio conta con 3 danzas tradicionais declaradas de interese turístico.

Tamén decidimos que iamos intentar aprender a danza de Darbo, por ser a parroquia onde se ubica o noso centro.

III. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Como está establecido no **Proxecto Lector**, a temática presentouse e decidiuse na 1ª CCP de curso e pediuse a colaboración do profesorado que imparte en 1º, co resultado que se sinala na introdución.

A nivel aula, o proxecto desenvolveuse a través da **aprendizaxe cooperativa**, polo que se constituíron grupos cooperativos (6 grupos de 4 alumnos en 1ºA e 5 grupos de 4 e 5 alumnos en 1ºB). Utilizamos a estrutura de crebacabezas e equipos de investigación para levalo a cabo. Isto supuxo que cada membro do grupo traballou sobre a parte do tema que tiña asignada. Buscou información nas páxinas web, artigos e material impreso facilitado pola profesora e outras que foi atopando no proceso de investigación. A cada membro dos grupos foille entregado un caderno onde ir facendo as súas anotacións.

Posteriormente, cada membro do equipo reuniuse cos membros dos outros equipos que estiveron traballando sobre a mesma parte do tema (grupos de expertos). Intercambiaron información, afondaron nos aspectos clave, clarificaron dúbidas,...

A continuación, cada un retornou ao seu equipo e explicoulle ao grupo a parte que el preparou. Finalmente, cada grupo deu forma final ao informe que tivo que entregar e expoñer ao resto dos grupos.

Temporalmente o proceso foi o seguinte:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
.- Presentación do proxecto á CCP e Claustro .- Presentamos a aprendizaxe cooperativa	.- Investigación .- Saída didáctica o 8 de abril	.- Elaboración do documento síntese da investigación. .- A coordinadora de BE

<p>aos grupos e practicamos técnicas cooperativa</p> <ul style="list-style-type: none"> .- Formamos os grupos .- Creamos o blog como ferramenta de difusión e colaboración .- Iniciamos a investigación 		<p>crea un documento en google-drive para cada un dos grupos constituídos onde irán elaborando o documento.</p>
--	--	---

Outro pilar importante no deseño deste proxecto foi que somos un centro **ABALAR** e, polo tanto, o alumnado de 1º ESO dispoñía un netbook para buscar e elaborar información. Isto, que en principio era unha vantaxe, despois converteuse nun pesadelo. Aínda así, a utilización deste equipamento foi escollido polo seu efecto motivador, pola necesidade de usar a rede para a busca de información e porque se quería utilizar a aprendizaxe colaborativa como método de traballo (google-drive). Nesta mesma liña, a creación dun blog utilizouse non só como ferramenta para difundir o nos traballo, o que iamos facendo, e compartilo con toda a comunidade educativa, senón tamén como recurso en si mesmo, xa que na barra lateral dereita subíronse todas as páxinas web, vídeos, etc., que o alumnado ía a utilizar para a busca de información.

A **coordinación** de todo o proceso levouse a través da Biblioteca Escolar, en concreto da persoa do equipo de BE asignada ao PI .

IV. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Seguindo unha orde temporal, as tarefas desenvolvidas polo alumnado foron as seguintes, tal e como se recolle no blog, na barra lateral esquerda:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Aprendemos a traballar en aprendizaxe cooperativo: practicamos técnicas cooperativas. • Aprendemos como imos facer a investigación, coas estruturas de crebacabezas e equipos de investigación. • Distribuímos tarefas e papeis • Creamos o blog “as danzas tradicionais de Cangas”. Todos nos damos de alta como editores, creamos contas de gmail... Foi un recurso para ter reunidas todas as fontes de información básicas que iamos utilizar. • Iniciamos a investigación: .- Tarefa: que sabemos das danzas tradicionais, mediante a técnica de <i>folio xiratorio</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Consultamos as páxinas web recollidas no blog e tomamos nota no caderno. Aprendemos a tomar notas, poñendo a data, a fonte de información... • Traballamos coa prensa, xa que o 20 de xaneiro, bailouse a danza tradicional de Aldán e saíron moitas noticias na prensa. • En febreiro, Belén Guimeráns, presidenta da Asociación da danza de Darbo, veu ao centro, e ensinounos a bailar a danza, aos dous grupos xuntos, coa axuda do profesor de Educación Física e titor de 1ºB, que sería quen se encargaría de ensaiala despois, a profesora de Lingua Galega, que é da zona e xa bailara a danza e a titora de 1ºA, que tamén é da zona e coñece algúns pasos. • 8 de abril, xa a finais do trimestre, fixemos 	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendemos como temos que facer o documento síntese da investigación, segundo a distribución de tarefas e papeis. • Aprendemos a traballar colaborativamente co google-drive. • Elaboramos o traballo. • Aprendemos a facer os gorros da danza de Darbo con Belén Guimeráns (xoves, 5 de xuño). Logo fixemos un obradoiro de confección de gorros nas dúas últimas semanas de curso. Cada un levou o seu gorro para casa o último día de curso. • Ensaíamos a danza de Darbo durante o 3º trimestre na clase de Educación Física • Cada grupo-clase redactou un artigo para revista do centro <i>A Gaivota</i>, co profesora de Lingua Galega, contando a experiencia do Proxecto desenvolvido.

<p>.- Tarefa: que saben as familias das danzas tradicionais, cuestionario elaborado mediante a técnica 1-2-4</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repartimos un caderno para cada alumno, onde anotar o que vai atopando, así como as dificultades coas que se encontra. 	<p>unha saída didáctica: visitamos os adros das 3 igrexas onde se bailan cada unha das danzas: Aldán, O Hío e Darbo.</p> <p>Tarefas:</p> <p>.- Preparamos a entrevista que se ía realizar a cada representante da danza. Foron os voceiros dos grupos os encargados de facerllas a cada persoa.</p> <p>.- En cada un dos 3 lugares, o profesor de Ciencias Sociais do centro explicoulles as características máis salientables da parroquia e da igrexa.</p> <p>.- Entrevistamos en cada un deses lugares a un representante da danza.</p> <p>.- Todo foi gravado e subido o blog como material para poder ser consultado posteriormente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Bailamos a danza de Darbo no Festival de Fin de Curso (20 de xuño); as damas cos gorros que se elaboraran no obradoiro de gorros. • Todo o alumnado de 1º levou coas notas o traballo impreso que fixo co seu equipo. Todos os traballos foron subidos ao blog, na barra lateral esquerda, “traballos 1ºA”, “traballos 1ºB”
---	---	--

V. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Utilizamos dous recursos principais para a busca de información: a rede e as fontes directas.

- **A REDE:** Como contabamos co equipamento ABALAR nas dúas aulas de 1º, decidimos utilizalo para a busca de información. Todas as danzas tiñan web, ademais na propia páxina do Concello de Cangas hai un apartado dedicado ás danzas tradicionais, hai moitos vídeos subidos a youtube.... Na barra lateral dereita subíronse todos os recursos web que se ían utilizar.
- **AS FONTES DIRECTAS:** Como estabamos a investigar sobre un feito que está vivo, decidimos acudir ás fontes directas para recadar información. Así, na saída do día 8 de abril, entrevistamos a un representante de cada unha das danzas, no lugar onde se bailan. Aproveitamos tamén para que o profesor de Ciencias Sociais lles fixese unha aproximación á parroquia onde se baila. Así contamos coa colaboración de :

Pepe García, membro da Asociación da Danza de San Sebastián de Aldán
Eduardo Otero, guía da Danza de San Roque de O Hío.

Belén Guimeráns, presidenta e danzante da Danza de Darbo.

Webs utilizadas:

- Web do Concello de Cangas: http://www.cangas.org/danzas_gal.php
- Portal do Patrimonio Inmaterial de Galicia: <http://ronsel.uvigo.es/>
- Web da Asociación Cultural San Sebastián de Aldán: <http://www.danzaldan.com/>
- Web da Romaría de Darbo: <http://romariadedarbo.com/>
- Vídeo da danza de Aldán: <http://www.youtube.com/watch?v=T8rACt-o2ql>
- Vídeo da danza de O Hío: <http://www.youtube.com/watch?v=rVk38CgtcnU>
- Web de Turgalicia: http://www.turgalicia.es/ficha-recurso?langId=gl_ES&cod_rec=32619&ctre=261&volverFicha=true

Fontes escritas consultadas:

- VEIGA IGLESIAS, PAULA: “La danza de Aldán: un estudio descriptivo y sociológico” en *Revista de Estudios*, nº22. 1989. Deputación Provincial de Pontevedra.
- DASAIRAS VALSA, XERARDO: *Darbo na memoria. Esencia de terra co mar ao fondo*. Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo. ALFER. 2009
- FARO DE VIGO, artigos do 19, 20 e 21 de xaneiro de 2014

Os problemas serios tivémolos coa utilización do equipamento ABALAR, xa que cando queriamos utilizar os netbook á vez (24), non había ancho banda suficiente, polo que o traballo se veu moi ralentizado. Máis que na busca de información na propia elaboración do documento síntese da investigación. Ao pretender utilizar o google-drive como ferramenta de traballo colaborativo, a rede sufría un colapso e non permitía acceder aos 24 alumnos a un tempo, polo que foi imposible que cada grupo rematara o seu documento na aula, moitos tiveron que traballar na casa, cando non sería necesario se a rede funcionara correctamente, porque tiñamos tempo suficiente.

VI. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A temática escollida está imbricada completamente na comunidade do centro. Ademais de que unha das danzas, a de Darbo, se baila na parroquia onde se localiza o centro, as demais, báilanse nun contorno próximo. Isto quere dicir, que pais e nais de moito do noso alumnado teñen bailado nalgũa das danzas. De feito, Belén Guimeráns, presidenta da danza de Darbo é nai dunha alumna do centro.

Tratamos de involucrar ás familias a través dos cuestionarios que lles pasamos, enviámoslle comunicacións explicándolles o que estabamos a facer e pedindo a súa colaboración.

Puxémonos en contacto cunha extraballadora da Oficina Municipal de Turismo de Cangas que nos facilitou os contactos dos representantes das outras dúas danzas que entrevistamos na saída do 8 de abril.

A presidenta da danza de Darbo é nai dunha alumna do centro, de 4º de ESO, e afanouse totalmente con nós: ensinounos a bailar a danza, explicounos a danza na saída do 8 de abril, ensinounos a confeccionar os sombreiros,...

VII. DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Dende o inicio creamos un blog co que compartir o que íamos facendo, investigando... coa comunidade educativa e cos veciños en xeral.

O blog, "**danzas tradicionais de cangas**", está aloxado na seguinte dirección url: <http://prin13-14.blogspot.com.es/>

Ademais, invitamos aos pais ao Festival de Fin de Curso, onde os rapaces de 1º bailaron a danza de Darbo, en dous grupos, 1ºA e 1ºB. Ao mesmo tempo que luciron os sombreiros que elaboraron na clase de Educación Plástica e Visual.

O último día levaron para casa os gorros e os traballos realizados.

VIII. AVALIACIÓN

No noso Proxecto Lector está recollido que o PI será avaliado e cualificado trimestralmente. Está avaliación reflectirase no boletín de notas trimestral con efectos informativos para as familias.

Os criterios de avaliación foron os seguintes:

Criterios para a avaliación do traballo de equipo

- .- Axuste aos obxectivos, fases e prazos.
- .- Variedade de fontes utilizadas, valoración crítica das mesmas e selección de documentación.
- .- Estrutura adecuada do traballo presentado: portada, índice, bibliografía.
- .- Coherencia na explicación de resultados e elaboración de conclusións.
- .- Limpeza e corrección na presentación escrita en papel do traballo final.

- .- Utilización das TIC para a busca de información e presentación do traballo final.
- .- Traballo en equipo (valorarase máis canto máis se aprecie o traballo de todos e cada un dos membros así como a cooperación para o resultado final).
- .- Ser quen de resolver problemas e tomar iniciativas ante as dificultades xurdidas.
- .- Amosar creatividade tanto no proceso como no resultado final (tanto na planificación, no desenvolvemento como na elaboración do traballo).
- .- Exposición oral das conclusións finais (capacidade de síntese, claridade na exposición...).

Critérios para a avaliación do traballo individual

- .- Grao de implicación nas distintas fases do traballo.
- .- Capacidade de escoita e toma en consideración a opinión dos demais.
- .- Hábito de traballo individual e autónomo.
- .- Capacidade de traballo en equipo e cooperativo.

Ademais, cada grupo, tivo que facer unha avaliación do contido e do proceso seguido e recollela no seu traballo.

Esta avaliación do alumnado tamén quedou reflectido nos artigos que escribiron que cada grupo-clase en cadanseu artigo para a revista do centro e que tamén están subidos ao blog.

IX. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Como xa se explicou, a Biblioteca Escolar participa neste proxecto dende o principio, xa que ao estar integrado no Proxecto Lector de Centro, un membro do equipo da BE coordina o Proxecto Interdisciplinar.

O alumnado utilizou a BE como recurso básico para a busca de información, non tanto como espazo físico, xa que ao dispoñer de netbook nas aulas utilizouse a rede como fonte de información. Pero si que a BE deu soporte técnico a todo o proceso, tanto coordinando todo o proxecto como facilitando as técnicas de busca e tratamento da información.